

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral ao **representante do persoal non docente** que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores e elixibles, todos os membros do persoal de administración e servizos que realizan no centro funcións desta natureza, sempre que estea vinculado ó mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral, tendo todo o persoal que reúna os requisitos. Dito persoal estará incluído no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 10 de novembro.

3.- Son elixibles aqueles que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 10 de novembro.

4.- Para a elección do citado representante constituirase unha mesa electoral integrada polo director, que actuará como presidente, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 14 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 22 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- As votacións realizaranse neste IES o **día 23 de novembro, de 14:00 a 15:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:45 horas.

7.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

8.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 2 de novembro de 2016

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: José Pedrouzo Devesa

